



BASES REGULADORAS DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ COMO FIGURANTES NA CABALGATA DE REIS MAGOS DO 5 DE XANEIRO DE 2023

1. OBXECTO

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en diante, IMCE) realiza una convocatoria de participación na Cabalgata de Reis 2023 que se celebrará o día 5 de xaneiro ás 18:00 horas.

As normas de participación no evento aparecen reguladas segundo o que se dispón nas presentes bases.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poden solicitar a participación como figurante na cabalgata, os/as menores de idade que a **1 de xaneiro de 2023** teñan una idade comprendida entre os **6 e os 11 anos**.

As prazas ofertadas nesta convocatoria son 235.

As prazas ofertadas distribúense en carrozas municipais, carrozas reais e trenes tal e como se recolle no apartado de *adxudicación* desta convocatoria.

3. PROCESO DE SOLICITUDE, SORTEO E ADXUDICACIÓN

Proceso de solicitude

3.1 O período de solicitude de participación comezará día **19 de decembro de 2022 ás 08.00 h e finalizará o 21 de decembro ás 14:00 h**. No caso de non cubrirse as prazas ofertadas poderá habilitarse un período extraordinario de inscrición nos días sucesivos.

3.2 As solicitudes formalizaranse a través do **formulario** que estará habilitado na web municipal www.coruna.gal

Deberase cubrir un formulario por cada menor que solicita participar no evento. Neste formulario recolleranse os datos completos do/a menor e da persoa responsable legal, a aceptación das condicións de participación, o uso da imaxe fotográfica e a Lei de Protección de datos de carácter persoal.

3.3 O IMCE, tras a recepción das solicitudes, asignará un número a cada una das solicitudes recibidas de forma correlativa, atendendo á marca temporal de chegada dos formularios. Este número será o número de participación no sorteo. Soamente se aceptará unha solicitude por cada menor.



No caso de detectar que hai mais de unha solicitude polo mesmo menor, aceptárase a que se realizou en último lugar, entendendo que esa duplicidade se debe a un erro por parte da persoa responsable ao realizar as primeira ou anteriores solicitudes.

3.4 Publicación provisional

O día **23 de decembro de 2022** publicarase na páxina web www.coruna.gal a listaxe provisional das persoas solicitantes.

Logo da publicación da listaxe provisional, abrirase un prazo de alegacións **ata o día 26 de decembro ás 23:59 horas**.

As alegación poderanse formular a través do correo electrónico cultura@coruna.gal.

Durante o período de alegacións non se aceptarán novas solicitudes.

3.5 Publicación definitiva

Logo de estudar as alegacións, o día **28 de decembro de 2022** publicarase a listaxe definitiva de persoas solicitantes.

3.6 Sorteo

Para a adxudicación das prazas ofertadas realizarase un sorteo o día **29 de decembro de 2023**, ás 12:00 horas, nas dependencias do Servizo de Cultura, na Avda. da Mariña (Casa Paredes).

O sorteo realizarase a través da páxina www.echaloasuerte.com

Extraerase un número que conteña tantos díxitos como o número de solicitudes.

Asignaráselle unha praza á persoa que teña asignado ese número, e en orden crecente as seguintes persoas ata completar o número total de prazas.

Asignaranse prazas en todas as carrozas municipais así como nos trenes, coa única excepción do tren número 3 que é solidario.

O número de prazas en cada carroza depende do seu deseño, sendo polo tanto distinto en cada unha.

A orde de adxudicación das prazas determinará tamén a ubicación dos/as participantes, que queda establecida da seguinte maneira:

- 1º Carroza de Melchor (ata completar prazas)
- 2º Carroza de Gaspar (ata completar prazas)
- 3º Carroza de Baltasar (ata completar prazas)
- 4º Carroza Municipal nº 1 (ata completar prazas)
- 5º Carroza Municipal nº 2 (ata completar prazas)
- 6º Carroza Municipal nº 3 (ata completar prazas)
- 7º Carroza Municipal nº 4 (ata completar prazas)



- 8º Carroza municipal nº 5 (ata completar prazas)
- 9º Tren 1 (ata completar prazas)
- 10º Tren 2 (ata completar prazas)
- 11º Tren 4 (ata completar prazas)

Unha vez realizado o sorteo e adxudicadas as prazas comunicaráselle ás persoas interesadas por correo electrónico ou con chamada telefónica (no caso de non dispoñer de enderezo) a concesión da praza e a ubicación que lles corresponde na cabalgata, así como a información necesaria para a participación na mesma:

- Lugar e horario de presentación dos menores nas dependencias asignadas ao efecto.
- Forma e horario o forma de recollida dos/as menores na Praza de María Pita, unha vez rematada a cabalgata e o saúdo real.

Esta información colgarase tamén na paxina web municipal xunto co protocolo e medidas de prevención.

3.7 As persoas que obteñan praza no sorteo deberán presentar a inscrición cuberta e asinada xunto coas normas que son de obrigado cumprimento.

- Día de presentación: **4 de xaneiro de 2023**
- Lugar: Coliseum (porta de Prensa)
- Horario: de 10.00 a 14.00 h e de 16.30 a 21.30 h

A organización facilitaralles un resgardo que deberán presentar o día da cabalgata no centro asignado.

3.8 Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, crearase unha lista de espera para cubrir baixas ou novas necesidades.

3.9 Se unha persoa admitidas non puidese participar na cabalgata, debe comunicalo a través do teléfono **681 094 023** da empresa contratada para a prestación do servizo. Isto deberase comunicar **con anterioridade ao 3 de xaneiro de 2023** co fin de que se poida cubrir a praza vacante mediante a listaxe de agarda.

4. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas participantes comprométense a presentarse o 5 de xaneiro no lugar e hora marcados como punto de encontro coa seguinte vestimenta:

- Leggings ou pantalón negro
- Zapatillas deportivas ou botas
- Camiseta térmica de manga longa e xersei ou forro polar.

O IMCE regalaralle a cada menor un disfraz acorde coa temática da Cabalgata.

Outras normas de obrigado cumprimento:

1. As persoas participantes deberán presentarse, co xustificante da formalización da inscrición, acompañados/as polo pai, nai ou pola persoa responsable legal **o día 05 de xaneiro ás 15:30 horas** na entrada do **IES A Sardiñeira**, ubicado na Avd. da Sardiñeira, onde quedarán ao cargo das persoas responsables da organización da Cabalgata de Reis 2023.

Os menores deberán levar unha pequena merenda que tomarán durante as horas de espera antes de saír coa cabalgata.

2. Desde o momento de recepción dos/as menores ata a hora de inicio da cabalgata, permanecerán nas instalacións asignadas, onde realizarán actividades variadas para amenizar a espera ata a chegada das súas maxestades os Reis Magos de Oriente.
3. Durante o percorrido os/as participantes lanzarán caramelos.
4. A duración do percorrido da Cabalgata de Reis 2023 será aproximadamente de 3 horas, estando prevista a chegada á praza de María Pita ás 21.00 horas.
5. Unha vez finalizado o saúdo real, e SÓ ENTÓN, procederase á recollida dos/as participantes menores polas persoas responsables, pai, nai ou titor/a, pola "porta" que corresponda, logo da previa comprobación das pulseiras identificativas de ambos.
6. En NINGÚN CASO se poderá acceder ás zonas delimitadas pola organización na praza de María Pita para recoller a un/unha menor participante con anterioridade á finalización do Saúdo Real.
7. A participación como figurante na cabalgata de reis supón a aceptación das normas e condicións de participación detalladas nestas bases.

5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase as persoas que participen que, en relación cos datos incorporados de forma voluntaria na inscrición, poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito ao IMCE (avda. da Mariña, 18).

En todo caso, unha vez finalizada a cabalgata, o ficheiro automático que incorpora os datos de carácter persoal será destruído. O IMCE cederalle os datos á empresa contratista coa única finalidade de prestar o servizo de apoio administrativo ao IMCE na selección das persoas figurantes da Cabalgata.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A Presidenta do IMCE, PD
Gonzalo Henrique Castro Prado
(Decreto DEC/AYTO/6783/2020 de 15 de outubro de 2020)